

O comité de empresa da CRTVG denuncia que a dirección dos medios públicos antepón supostos intereses corporativos ao dereito fundamental á información

A representación dos traballadores esixe o cese dos responsables da decisión de censurar e ocultar na TVG e na RG a concesión do Premio José Couso á liberdade de prensa á plataforma "Defende A Galega" e pide a dimisión do director xeral

San Marcos, 17 de abril de 2019

O Comité de empresa da CRTVG en San Marcos esixe o cese dos máximos responsables dos informativos da televisión e a radio públicas de Galicia pola decisión que adoptaron este pasado sábado de censurar e ocultar en todos os seus espazos a concesión do premio José Couso á liberdade de prensa (outorgado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e o Clube de Prensa de Ferrol) á plataforma de traballadores e traballadoras "Defende A Galega".

Segundo puido contrastar o comité, a redactora encargada de elaborar os boletíns informativos da Radio Galega, que levaban toda a mañá anunciando que se ía proceder ao fallo do premio, recibiu orde expresa do xefe de redacción, Luis Ojea, de non locutar no espazo informativo das 13 horas a nova que tiña preparada sobre a decisión que se acababa de coñecer de concederlle este ano este importante galardón ao colectivo "Defende A Galega". Cando a redactora, incrédula, lle solicitou explicacións, Ojea amparouse nunha suposta "decisión corporativa".

A nova do fallo, que tivo ampla cobertura en medios estatais e nacionais, ocultouse a partir dese momento no resto dos espazos informativos da RG e tamén nos telexornais dese día da TVG, malia que tanto a radio como a televisión públicas cubriran a concesión deste galardón con total normalidade en anos anteriores.

Aínda que o comité se dirixiu por escrito á Directora da Área de Información e Contidos da CRTVG, Concepción Pombo, para aclarar a orixe e a xustificación desta decisión, este órgano non obtivo resposta.

O comité de empresa entende que non pode haber unha decisión corporativa nos medios públicos de comunicación que xustifique a vulneración do dereito fundamental á información, e acusa á dirección da CRTVG de antepoñer os seus intereses persoais ou partidistas á credibilidade do medio e ao deber que ten de informar verazmente á cidadanía.

O comité enmarca este novo grave episodio de manipulación informativa na estratexia de negación e menosprezo que está a seguir a dirección da CRTVG con respecto á plataforma “Defende a Galega”, o colectivo de traballadoras e traballadores dos medios públicos que levan case un ano, vai para 48 semanas, denunciando a manipulación informativa e o desmantelamento da TVG e da RG vestíndose de negro venres tras venres.

A representación legal do persoal da CRTVG pide a dimisión do director xeral, Alfonso Sánchez Izquierdo, como máximo responsable do deterioramento dos medios públicos de comunicación. O comité de empresa agradécelles aos membros do Colexio de Xornalistas que votaron a favor da concesión do premio a “Defende A Galega” e ao Clube de Prensa de Ferrol a súa mostra de apoio a este colectivo, que supón un necesario posicionamento a prol da televisión e da radio públicas, así como da liberdade de prensa en Galicia.